TIEMPO DE HISTORIA
LA ACTUALIDAD DEL PASADO

Iniciativas

La Xunta revisará 20 archivos nacionales y extranjeros para hacer un censo de represaliados



La Conselleria de Cultura de la Xunta de Galicia revisará 20 archivos militares y civiles para el censo de represaliados. Para ello, una comisión de once historiadores investigará 25.000 causas judiciales y realizará 300 entrevistas, según informó dicho departamento del Gobierno autonómico el 11 de abril de 2006. La Xunta reclamará información a más de una veintena de archivos militares y civiles, tanto nacionales como internacionales, para elaborar el primer censo gallego de represaliados del franquismo.

En su página web, la Xunta informa: "Cultura e as tres universidades asinan un convenio para a investigación da represión franquista que tamén procurará datos en arquivos do exterior e en Cuba e Arxentina. Ánxela Bugallo, Senén Barro, Domingo Docampo e José María Barja asinaron hoxe o convenio para a realización do programa “As vítimas, os nomes, as voces e os lugares” 1ª fase. A conselleira afirmou que se trata dun traballo que “terá continuidade nos vindeiros anos” e manifestou a súa confianza en atopar a máxima colaboración por parte da cidadanía. Senén Barro, reitor da USC, salientou a urxencia da investigación para recuperar a memoria oral, “porque estamos no límite para que non se perdan as testemuñas vivas”. Cultura e as tres universidades asinan un convenio para a investigación da represión franquista que tamén procurará datos en arquivos do exterior e en Cuba e Arxentina.
A conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, asinou hoxe o convenio de colaboración entre o seu departamento e as tres universidades galegas para desenvolver a primeira fase dun programa de investigación histórica sobre a represión na Galicia, baixo o título de “As vítimas, os nomes, as voces e os lugares”. Nesta primeira fase estudarase o período 1936-1939.
Senén Barro, pola Universidade de Santiago; Domingo Docampo, pola de Vigo; e José María Barja, pola da Coruña, apoiaron este proxecto achegando os investigadores que serán necesarios para levar a cabo a investigación. En total, traballarán un conxunto de 11 historiadores dirixidos polo catedrático Lourenzo Fernández Prieto, que se encargarán de elaborar un arquivo da memoria oral a través de máis de 300 entrevistas a testemuñas e supervivintes da represión.
O propio reitor da USC salientou a urxencia deste traballo “xa que unha parte significativa del é a recuperación da memoria oral e estamos xustamente no límite para que non se perdan todas as testemuñas”. Barro apuntou asemade que esta é unha “iniciativa de país na que por primeira vez participan o Goberno galego e todas as universidades facendo un estudio que pretende ser exhaustivo, rigoroso e profundo”.
Ademais, elaborarase un censo global de represaliados para o que se baleirarán os arquivos militares, xa que existe nunhas 25.000 causas sobre o tema, os civís, onde se poden atopar os ‘paseados’, e tamén os rexistros dos cárceres. [ver anexo]
Pola súa banda, a conselleira Ánxela Bugallo afirmou que se trata da primeira fase dun traballo que terá continuidade nos vindeiros anos e que tratará de ser unha radiografía detallada da represión desde o 36 ata a chegada da democracia. Bugallo confiou en que a cidadanía colabore coa investigación e subliñou que tanto a Consellería como o propio equipo investigador están a recibir xa numerosas chamadas de testemuñas e familiares de represaliados que queren achegar información.
Investigación no exterior
O equipo investigador, que está a recibir xa ducias de chamadas de familias de represaliados para achegaren os seus datos, centrará boa parte dos seus esforzos no exterior, facendo pesquisas en arquivos fóra do país para localizar galegos tamén noutros lugares da Península, como por exemplo no caso dos que participaron en batallóns vascos. Ademais, procuraranse testemuñas en América Latina, especialmente en Cuba e na Arxentina, onde se refuxiaron moitos dos militantes antifranquistas que puideron fuxir.
Como contraprestación pola realización dos traballos, a Consellería de Cultura e Deporte aboarálle ás universidades un total de 211.725 euros. O presente convenio ten vixencia desde este momento at ao 31 de marzo de 2007.
Próximas actividades do Ano da Memoria
O Ano da Memoria, que se inaugurou o pasado sábado cunha homenaxe aos represaliados en San Simón, terá tres liñas principais de actuación: investigar a realidade da represión (saber), difundila (contar) e render homenaxe ao esforzo dos represaliados (lembrar).
Ademais do convenio asinado hoxe, a Consellería presentará en breve un portal en Internet da memoria onde se verquerán os resultados das investigacións para difundir toda a información xerada, convocatorias, anuncios, reportaxes, etc.. Así mesmo, promoverase a elaboración de documentais e creacións audiovisuais sobre este tema.
En San Simón crearase un Centro da Memoria, que albergará unha exposición permanente e que funcionará como centro de investigación e documentación. Tamén acollerá en outubro un congreso concibido “como un punto de referencia fundamental para a análise da historia e a súa obrigada recuperación”. No último trimestre do ano realizarase unha exposición central en Compostela e durante todo o ano distintas mostras percorrerán todo o país".

TIEMPO DE HISTORIA
Miércoles, 12 de abril de 2006